



ANPA do CEIPP
de PALMEIRA

PRESENTACIÓN e SERVIZOS da ANPA do CEIPP de PALMEIRA

Rúa de Moldes, nº 2 CP.15959

Palmeira. Ribeira, A Coruña

☎ 650199162 Whatsapp

✉ anpapalmeira@hotmail.com

Facebook: Anpa Ceipp Palmeira

Instagram: Anpa_Ceipp_Palmeira

Páx.web: www.anpapalmeira.org

Queremos presentarnos e poñernos a **vosa disposición** para calquera cousa que poidades precisar.

Somos pais e nais coma vos, que traballamos todo o ano, de forma totalmente **altruísta**, para **representar** e **defender** os dereitos dos nosos fillos/as e dos seus pais/nais/titores legais, así coma **ofrecer servizos** que complementan a oferta actual do colexio.

A ANPA do CEIPP de Palmeira ofrece e xestiona:

- **Servicio de Comedor** escolar, de 14h a 16h, durante todo o ano escolar.
- **Servicio de Madrugadores**, de 7h a 9h, durante todo o ano escolar.
- **Banco de Libros de texto**, emprestando libros de 3º e 4º de primaria.
- **Actividades Extraescolares**, dentro e fora do centro, de 16h a 18h, de outubro a maio e con descontos grazas ás subvencións que a ANPA solicita: Ballet, Inglés, Parkour, Ximnasia Rítmica, kempo, robótica, teatro,...
- **Actuacións e Obradoiros** con contidos de gran relevancia social, culturais e educativos coma contacontos, maxia, música, teatro...
- **Viaxes** e excursións de interese lúdico e cultural, para todo o alumnado, amigos e familias.
- **Escola de familia**: charlas e obradoiros dirixidos a pais, nais e demais familia, con temas de interese dentro da familia e a comunidade educativa.
- Hai tendas, academias e outros **establecementos** que ofrecen **descontos** para os nosos socios e socias.
- Colaboramos con outras **Asociacións que proporcionan servizos na nosa zona**: Asociación TDAH Salnés, Asociación Galega de Afectados polo LUPUS (AGAL), AECC, ANEDIA,... e participamos economicamente nos premios do **Certame anual de curtas da Asociación Alberto Romero**.
- **Proporcionamos representación** dos pais e nais ante o **Consello Escolar** do colexio e no **CE Municipal**.
- Pertencemos e traballamos coa **Federación de ANPAS (FEDAPA)**, coa Confederación de ANPAS de Galicia (CONFAPA-GALICIA) e de España (CEAPA).
- Contamos con **Seguro de Responsabilidade Civil** e outro de **Accidentes**.
- **Cumprimos coa legalidade vixente** en materia de protección de datos (LOPD), libros, rexistros e no estado de contas, sempre a vosa disposición, cumprindo cas obrigas que a lei e os Estatutos nos impón.
- Facemos unha **Asemblea Xeral Ordinaria** no mes de **setembro**, onde presentaremos os servizos, actividades, actuacións e propostas para o ano escolar que comeza. Asembleas **Extraordinarias** sempre que xurda un tema que o faga necesario. E outra Asemblea Xeral ordinaria no mes de **xuño**, coa memoria de todo o feito durante o curso e coa presentación e aprobación das contas da Asociación.

A ANPA solicita subvencións ao Concello, á Deputación da Coruña e ás Consellarías da Xunta de Galiza, pero mantense grazas ás **cotas dos Socios**: podedes facervos socios **por 20€ familia/ano** mediante transferencia bancaria ao numero de conta **BANCO SANTANDER ES4300497755852910019454**

Un saúdo e moitas grazas,

BEATRIZ PILLADO PARDAVILA (Presidente)

MARÍA TERESA LÓPEZ BARREIRO (Vicepresidente)



PALOMA BARREIRO CERQUEIRAS (Secretaria)

ALICIA LÓPEZ MAYÁN (Tesoureira)

MARÍA BENITA REDONDO FERNÁNDEZ (Vogal)



*ANPA do CEIPP
de PALMEIRA*


PRESENTACIÓN e SERVIZOS da ANPA do CEIPP de PALMEIRA


ANXOS TORRADO BLANCO (Vogal)
ANDREA SIEIRA RIVAS (Vogal)
VERÓNICA MARTÍNEZ MARTÍNEZ (Vogal)

A Xunta Directiva da ANPA do CEIPP de PALMEIRA

Rúa de Moldes, nº 2 CP.15959

Palmeira. Ribeira, A Coruña

 **650199162** **Whatsapp**

 anpapalmeira@hotmail.com

Facebook: Anpa Ceipp Palmeira

Instagram: Anpa_Ceipp_Palmeira

Páx.web: www.anpapalmeira.org